

[... na miña Terra cumprírase
a vontade dos mártires

Castelao



Actos en conmemoración do **33 aniversario**
do asasinato
de **Moncho Reboiras**

Martes, 12 de agosto de 2008. Ferrol

19.30 h. No Concello de Ferrol, **Concentración** na Praza de Armas (diante da Casa do Concello). Saída cara ao portal da rúa da Terra onde foi asasinado Moncho Reboiras e **ofrenda floral**. Canto da Internacional e baixada até o Cantón.

19.45 h. Intervencións políticas no Cantón:

- **Roi García Camba.** Secretario Xeral da Unión da Mocidade Galega (UMG) e membro do Comité Central da UPG.
- **Ana Vérez Gómez.** Membro do Comité Central da UPG.
- **Francisco Rodríguez Sánchez.** Secretario Xeral da UPG e membro da Executiva Nacional do BNG.

Ao remate, canto do himno galego.

www.uniondopovogalego.org



33 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras



Todos os 12 de agosto a Unión do Povo Galego (UPG) conmemora o aniversario do asasinato en 1975 do seu militante Xosé Ramón Reboiras Noia, por disparos da policía franquista no número 27 do portal situado na rúa da Terra, en Ferrol.

Non nós resulta doado referirnos ao noso camarada Xosé Ramón Reboiras Noia sen caer na tentación de recriar a súa traxectoria militante, cunha prosa aferrollada de epítetos tendentes a ensalzar a súa figura, de lembrar o seu asasinato/martirio no número 27 da Rúa da Terra, de recorrer ao anecdótico que nós legou a través das conversas de tantos compañeiros e compañeiras que compartiron con el militancia nos anos duros do tardofranquismo e que hoxe seguen cos mesmos principios ideolóxicos, loitando pola mesma Galiza que soñou Reboiras. Mais tamén sabemos que de facelo estaríamos a colaborar coa confusión, coa creación dunha imaxe deturpada e contribuíríamos, xa que logo, a escenificar unha farsa sacrílega coa súa memoria. Pois aínda que é certo que a súa contribución resultou capital á hora de erguer o conglomerado nacionalista nos seus diferentes ámbitos de actuación na década dos 70, tras a desfeita da Guerra Civil e o parón imposto polo Piñeirismo, as loitas dos pobos non dependen dunha soa persoa, nin tan sequera dos méritos excepcionais dos seus líderes carismáticos.

Moncho non era un romántico con espírito de mesías con aspiracións de cargarse loureiros de gloria, nin un idealista labrado no desencanto que entendía os pinchacarneiros no baleiro como saltos cualitativos, e moito menos un aventureiro movido por arroutas e empapado da impaciencia pequeno-burguesa.

Desde a súa integración na Unión do Povo Galego (UPG), á altura de 1969 con apenas 19 anos cumpridos, até a súa morte en 1975, adícase de cheo ás encomendas do Partido, de cuxos órganos dirixentes foi membro (Comité Central e Comité Executivo), participando así na conversión da UPG nun partido comunista, na formación da Frente Cultural do nacionalismo, da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), dotando de medios e infraestrutura á UPG -naquel intre clandestina- e traballando na constitución dos xermes sindicais antecesores lonxanos do que hoxe é a Confederación Intersindical Galega (CIG). É aquí, como parte dun proxecto colectivo, común, compartido, que representaba e representa o noso Partido e o conxunto do nacionalismo galego, onde a súa aportación acada todo o seu sentido, onde o seu heroísmo cobra utilidade, onde a súa morte se torna en vida.